



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DA
CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA PROPORCIONAR
AO PERSOAL INVESTIGADOR DO SUG ACCESO A RECURSOS DE
SUPERCOMPUTACIÓN, ALMACENAMIENTO DE DATOS E
COMUNICACIÓN.**

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

COMPARECEN

O conselleiro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 17 do 13 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

O reitor magnífico da Universidade da Coruña (en diante UDC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

O reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

O reitor magnífico da Universidade de Vigo (en diante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que as universidades do Sistema universitario de Galicia (en diante SUG), son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan



actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

Que as universidades do SUG teñen como un dos seus obxectivos a busca da calidade científica e a materialización da transferencia tecnolóxica a partir de resultados científicos para a mellora do sistema económico e o benestar da sociedade galega, contando para isto con infraestruturas científico-tecnolóxicas e capital humano, claves para acadar esta calidade.

SEGUNDO.- Que o persoal de investigación pertencente ao SUG precisa usar as infraestruturas de cálculo, comunicacións e almacenamento de datos ao servizo do Sistema de investigación.

Que a supercomputación é unha tecnoloxía amplamente utilizada en todas as áreas de investigación. A maioría das investigacións científicas requiren unha simulación que permita coñecer de antemán como se vai a comportar un determinado experimento, que impacto provocará ou o seu comportamento, en calquera rama da ciencia.

O uso de supercomputadores é unha ferramenta que vertebra a investigación e a innovación, xa que, hoxe en día, non é posible innovar nin investigar se non dispoñemos de gran capacidade de cómputo e de almacenamento. A promoción da I+D+i non é factible sen dispoñer da capacidade de procesar grandes cantidades de datos nun corto período de tempo, deste xeito pódense resolver os problemas máis complexos que os investigadores xamais tivesen imaxinado resolver.

A aparición destes instrumentos de alta capacidade e rendemento permiten obter resultados de investigación a unha velocidade que acurta de forma considerable os tempos que ata o de agora se veñen conseguindo a medio e longo prazo.

TERCEIRO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de innovación. Entre estas competencias está a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.



Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades do SUG para o financiamento das accións que supoñen dar resposta ás necesidades do persoal investigador de acceso a unha serie de tecnoloxías avanzadas e coñecementos técnicos de última xeración.

Trátase de poñer a disposición do persoal investigador o uso dos servizos dun supercomputador que permita realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda ancha necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do SUG.

A axuda irá destinada a subvencionar o gasto realizado polas universidades galegas en recursos de supercomputador con diferentes arquitecturas e de numeroso software especializado en diversas áreas para satisfacer as necesidades do persoal investigador de poder contar con ferramentas de cálculo científico e con soporte técnico para obter o máximo proveito do uso destes equipos de rápida obsolescencia tecnolóxica.

O obxectivo final é axudar ás universidades a incrementar a súa capacidade competitiva a través da innovación poñendo a súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

SEGUNDA.- Contía da axuda

A dotación para este convenio é de 510.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0 e código de proxecto (2016 00129), co seguinte reparto:

UDC	USC	UVIGO
170.000 €	170.000 €	170.000 €



Esta cantidade de 510.000 € trátase dun importe certo, e quedan por conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- Obrigas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado polas universidades galegas en recursos de supercomputador con diferentes arquitecturas e de software especializado para uso do persoal docente e grupos de investigación pertencentes ao SUG.

As universidades galegas comprométese a poñer a disposición do persoal docente e persoal investigador o libre acceso de infraestruturas de cálculo, comunicacións e almacenamento de datos.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa seguridade social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

As universidades públicas son definidas como administración pública no artigo 3.2 c) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que son poder adxudicador e están



sometidas en canto á contratación de obras e subministracións á normativa pública de contratación.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

O pagamento, único, realizarase contra a presentación, antes do 30 de novembro de 2017, por parte da UDC, a USC e a UVIGO dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e da certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control que faga referencia á toma de razón en contabilidade, na que deberá constar o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

Así mesmo, deberán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter débedas coas administracións, así como unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, creárase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente.
- O/a vicerreitor/a da UDC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da USC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.



- O/a vicerreitor/a da UVIGO responsable destas accións ou persoa en quen delegue.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SÉTIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as universidades do SUG consenten expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. As reservas que puideran facer os peticionarios no senso de non autorizar a obtención dos datos ou á publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público dado que é preciso dar resposta ás necesidades do persoal docente e persoal investigador das universidades galegas que precisan ter acceso a infraestruturas de cálculo, comunicación e almacenamento de datos ao servizo do Sistema de investigación. O uso de supercomputadores é unha ferramenta que vertebra a investigación e a innovación, xa que, hoxe en día, non é posible innovar nin investigar se non dispoñemos de gran capacidade de cómputo e de almacenamento.

Esta acción esténdese ás tres universidades galegas dado que o uso destes instrumentos de alta capacidade permiten obter importantes rendementos en investigación e innovación para os investigadores do SUG non sendo necesaria promover a concorrencia competitiva.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, rexéndose aos efectos pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.



Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederáse á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por quintuplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

O reitor da Universidade da Coruña

O reitor da Universidade de Santiago
de Compostela

O reitor da Universidade de Vigo